



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Dereito do Traballo	Código	612G01023		
Titulación	Grao en Dereito				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
1º e 2º Ciclo	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalegoInglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Dereito Público				
Coordinación	Arufe Varela, Alberto	Correo electrónico	alberto.arufe.varela@udc.es		
Profesorado	Arufe Varela, Alberto	Correo electrónico	alberto.arufe.varela@udc.es		
	Carril Vázquez, Xosé Manuel		xose.manuel.carril.vazquez@udc.es		
	Martinez Giron, Jesus		jesus.martinez.giron@udc.es		
	Vizcaino Ramos, Iván		i.vizcaino@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Pretendemos coa nosa materia: <ul style="list-style-type: none">- Incrementar a autoestima do estudante, facéndolle comprender todas as súas potencialidades.- Facilitar ao estudante o coñecemento e manexo das fontes xurídicas laborais, tanto normativas como xurisprudenciais.- Facilitar ao estudante o uso de terminoloxía xurídica laboral específica (por exemplo, contrato de traballo, sindicato, convenio colectivo ou proceso laboral).- Aproximar ao estudante á solución de verdadeiros problemas xurídicos laborais.- Implicar aos estudantes nas actividades científicas do Instituto de Investigación da Asociación Coruñesa de Dereito Comparado do Traballo e da Seguridade Social, coa finalidade de axudalos a mellorar os seus curricula vitarum, por medio de contribucións ao seu ?Anuario?, e da presentación de comunicacións ao Congreso Internacional que se organizará durante o curso académico.- Aproximar ao estudante ás técnicas do Dereito comparado do Traballo, para que caia na conta de que resultan aproveitables as solucións ensaiadas noutros países, a efectos de resolver os problemas xurídico laborais que temos en España.- Incrementar a potencial empregabilidade dos estudantes.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A7	Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A13	Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo



B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B13	Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
- Fluidez no manexo da terminoloxía xurídica inglesa, para perder o medo a usar a lingua inglesa no eido xurídico laboral.			C2
- Profundizar na crítica do carácter inxusto da realidade socio-laboral actual, co punto de vista de que é posible unha solución no futuro.	A10	B11	C6
- Capacidade individual para levar a cabo todas as tarefas e actividades relativas ó Dereito do Traballo cun alto nivel de calidade.		B7 B13	
- Dominar os principios e conceptos básicos do Dereito do Traballo.	A1		
- Completar a visión dos estudantes do noso ordenamento xurídico, pero tendo en conta que están estudando un tema directamente afectante en España a millóns de traballadores e ás súas familias.	A10		C4
	A2 A7		
	A9 A13		
		B8 B2 B3	
		B4	
			C3
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. AS FONTES DO DEREITO DO TRABALLO	
Tema 2. OS PRINCIPIOS DO DEREITO DO TRABALLO	
Tema 3. O ÁMBITO SUBXETIVO DO DEREITO DO TRABALLO	
Tema 4. O MODELO ESPAÑOL DE SERVIZOS PÚBLICOS DE EMPREGO	



Tema 5. O CONTRATO DE TRABALLO COMÚN OU ORDINARIO E AS SÚAS MODALIDADES	
Tema 6. A PRESTACIÓN DE TRABALLO	
Tema 7. A XORNADA DE TRABALLO	
Tema 8. O SALARIO	
Tema 9. A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	
Tema 10. A MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO	
Tema 11. A SUSPENSIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO	
Tema 12. A EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO, POR CAUSAS INDEPENDENTES DA VONTADE DO TRABALLADOR	
Tema 13. A EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO, POR CAUSAS DEPENDENTES DA VONTADE DO TRABALLADOR	
Tema 14. OS REPRESENTANTES LEGAIS OU UNITARIOS DOS TRABALLADORES NA EMPRESA	
Tema 15. OS SINDICATOS	
Tema 16. OS CONVENIOS COLECTIVOS SECTORIAIS ESTATUTARIOS	
Tema 17. OS CONVENIOS COLECTIVOS «EXTRAESTATUTARIOS»	
Tema 18. O DEREITO DE FOLGA	
Tema 19. A INSPECCIÓN DE TRABALLO	
Tema 20. OS TRIBUNAIS LABORAIS	
Tema 21. OS PROCESOS LABORAIS DE INSTANCIA	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A9	3	0	3
Seminario	A7 A13 C3 C6	14	21	35
Sesión maxistral	A1 A7 A13 C3 C6	28	56	84
Presentación oral	B13 C2 C4	2	5	7
Solución de problemas	A10 B7	0	11	11
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Dous exames (na mesma data). O primeiro, sobre a base de preguntas tipo test de resposta múltiple, en lingua inglesa. O segundo, sobre a base de preguntas longas, coa posibilidade de elixir entre as linguas inglesa, castela ou galega.
Seminario	Asistir as clases, co deber de comprobar os diversos powerpoints explicados nelas, e de estudar a correspondente lección do manual.
Sesión maxistral	Asistir as clases, co deber de comprobar os diversos powerpoints explicados nelas, e de estudar a correspondente lección do manual.
Presentación oral	Facer unha comunicación en grupo, que será defendida no Congreso Internacional de Dereito Comparado do Traballo, no caso de que teña lugar durante o cuatrimestre, usando nela a lingua inglesa.



Solución de problemas	Facer informes (polo menos, sobre a localización a través de Internet das fontes do Dereito do Traballo, sobre "riders" ou repartidores, sobre o portal EURES, sobre a Carta Social Europea, sobre prevención de riscos laborais, sobre a acción de despedimento e máis sobre sindicatos en Internet).
-----------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva Sesión maxistral Solución de problemas Presentación oral Seminario	A facerse sobre a base dun grupo pequeno. Na clase, no despacho do Profesor ou por correo-e. Coa finalidade de preparar as comunicacións que se defenderán no Congreso Internacional de Dereito Comparado do Traballo o final do cuadrimestre.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A9	Aprobar os exames.	50
Sesión maxistral	A1 A7 A13 C3 C6	Asistencia regular.	15
Solución de problemas	A10 B7	Entregar os informes.	10
Presentación oral	B13 C2 C4	Asistir á preparación, asistir ó Congreso, defender oralmente a comunicación.	10
Seminario	A7 A13 C3 C6	Asistencia regular.	15
Outros			

Observacións avaliación

Darase o máximo número de Matrículas de Honra legalmente permitido. En caso de non poder celebrarse o Congreso, a súa cualificación acrecerá a dos informes. Como regra, rexe o mesmo sistema de avaliación na segunda oportunidade, especialmente no relativo aos exames, tendo en conta que todos os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica	- J. MARTÍNEZ GIRÓN - A. ARUFE VARELA (2016). DERECHO CRÍTICO DEL TRABAJO. CRITICAL LABOR LAW. BARCELONA: ATELIER
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Dereito da Seguridade Social/612G01037

Observacións

<p>Non hai cuotas no que se refire as cualificacións eventualmente obtencionables, salvo no tocante as Matrículas de Honra.</p>

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías